

## ANEXO VIII

## ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS E TELÉFONO DE CONTACTO EN GALICIA

|                                                                                                                                                                                                                                                                         |                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Nome:                                                                                                                                                                                                                                                                   | <input type="text"/> |
| Enderezo:                                                                                                                                                                                                                                                               | <input type="text"/> |
| Teléfono                                                                                                                                                                                                                                                                | <input type="text"/> |
| <div style="display: flex; justify-content: space-between; align-items: center;"> <div style="border-bottom: 1px solid black; width: 40%;"></div> <div style="text-align: center;">, de de</div> <div style="border-bottom: 1px solid black; width: 40%;"></div> </div> |                      |
| Asdo.:                                                                                                                                                                                                                                                                  |                      |

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 26 de xuño de 2009 pola que se convocan probas libres de títulos extinguidos dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.*

O Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 18.2º que a implantación das titulacións correspondentes aos estudos de formación profesional e dos respectivos novos currículos comezará no ano académico 2007-2008 e deberá completarse dentro do prazo de aplicación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sen prexuízo da súa actualización permanente, de acordo coas exigencias do Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional.

No número 3 do devandito artigo establécese que mentres non se produza a implantación regulada no punto anterior seguirán vixentes as titulacións e os currículos derivados da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

A Orde do 23 de abril de 2007 regula o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior.

Como consecuencia da entrada en vigor dos novos títulos de formación profesional establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en substitución dos establecidos pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, procede convocar a realización de probas libres de módulos profesionais dos ciclos formativos que se extinguen, co fin de lle permitir finalizar os

estudos e lograr a titulación ao alumnado que se vexa afectado pola implantación das novas ensinanzas.

Por todo o anterior, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso das competencias que lle confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPÓN:

##### Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer en centros públicos a realización de dúas convocatorias de probas libres para a obtención de títulos de formación profesional actualmente extinguidos dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, co fin de lle permitir finalizar os estudos e lograr a titulación ao alumnado que cursase as ensinanzas dos devanditos títulos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A relación de ciclos formativos para os que se convocan probas libres de módulos profesionais de títulos extinguidos no curso académico 2009-2010 e a dos centros públicos en que se realizarán as devanditas probas figuran no anexo I desta orde.

2. As dúas convocatorias terán lugar no curso académico seguinte ao da extinción definitiva da docencia do título, consonte o seguinte calendario:

a) A primeira convocatoria realizarase no mes de setembro, antes do comezo das actividades lectivas, co fin de posibilitar a matrícula no ciclo equivalente establecido ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

b) A segunda convocatoria realizarase no mes de xuño, coincidindo co remate das actividades lectivas.

3. Poderán ser obxecto de avaliación nas devanditas convocatorias todos os módulos profesionais dos ciclos formativos extinguidos agás o de formación en

centros de traballo (FCT), que se regulará segundo o disposto no artigo 8º desta orde.

4. O alumnado con módulos pendentes diferentes ao de FCT tras a realización das dúas convocatorias previstas de probas libres e que desexa finalizar os seus estudos poderá matricularse, de ser o caso, nas ensinanzas do título equivalente establecido ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para o que se aplicará o réxime de validacións de módulos establecidos no real decreto correspondente.

No caso do réxime ordinario, a matrícula formalizarase no curso que corresponda en función do cumprimento dos requisitos de promoción.

*Artigo 2º.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes de inscrición para participar nas probas libres obxecto desta orde presentaranse nas secretarías dos centros públicos que ofrecen as correspondentes ensinanzas no momento da súa extinción, de acordo co seguinte:

a) As persoas aspirantes que cursasen o ciclo formativo nun centro público deben presentar necesariamente a solicitude no mesmo centro en que estivesen matriculadas. En caso de non ofrecerse o ciclo formativo no momento da extinción, rexeráse polo disposto na letra b).

b) No caso de alumnado procedente de centros privados, deberase presentar a solicitude nalgún dos centros públicos a que se fai referencia anteriormente.

2. Establécense dous prazos de presentación de solicitudes, en función das convocatorias previstas:

a) Para a primeira convocatoria: do 10 ao 20 de xullo.

b) Para a segunda convocatoria: do 10 ao 20 de maio.

3. Os modelos de solicitude axustaranse aos establecidos nos anexos II e III desta orde para ciclos de grao medio e superior, respectivamente. Xuntarase a documentación acreditativa que corresponda.

4. Os centros farán pública no taboleiro de anuncios a relación provisional de persoas admitidas no prazo máximo de dous días hábiles desde a finalización do prazo correspondente. Poderase presentar reclamación no prazo máximo de tres días hábiles.

*Artigo 3º.-Requisitos das persoas solicitantes.*

Para poderen acceder á realización das probas libres obxecto desta orde correspondentes a un título de técnico ou de técnico superior extinguido, as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Cumprir os requisitos académicos de acceso directo ou mediante proba aos ciclos formativos correspondentes de grao medio ou superior, establecidos no artigo 41 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

b) Ter formalizada en cursos académicos anteriores a matrícula nalgún centro educativo de Galicia e nun ciclo formativo derivado da Lei orgánica

1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e actualmente extinguido.

c) Non estar matriculado no curso académico de realización das probas libres obxecto desta orde no ciclo formativo establecido ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que substitúe o establecido ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

*Artigo 4º.-Elaboración, contido e estrutura das probas.*

1. En cada centro constituirase unha comisión de avaliación formada polo profesorado dos departamentos correspondentes, que deseñará as probas para cada un dos módulos profesionais do ciclo formativo, agás o de formación en centros de traballo.

A devandita comisión estará presidida polo xefe ou a xefa do departamento da familia profesional a que pertenza o ciclo formativo.

2. As probas axustaranse aos currículos dos ciclos formativos que se extinguen, e abranguerán contidos teóricos e prácticos que permitan evidenciar, a través dos criterios de avaliación correspondentes, se a persoa aspirante alcanzou os obxectivos específicos establecidos para cada módulo en relación cos obxectivos xerais do ciclo formativo.

3. A estrutura da proba, o procedemento e os criterios de avaliación deberanse publicar no taboleiro de anuncios do centro cunha antelación mínima de dous días con respecto ao comezo da realización das probas.

4. Cada módulo profesional será avaliado por un único membro do profesorado, que asinará as actas de avaliación correspondentes.

*Artigo 5º.-Validación de módulos profesionais.*

1. As persoas aspirantes admitidas para a realización das probas poderán ter dereito ás validacións de módulos profesionais de ciclos formativos a que se fai referencia nas letras a), b) e c) do artigo 15 da Orde do 30 de xullo de 2007, pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial.

2. Quen desexa solicitar a validación dalgún módulo profesional deberao facer constar expresamente no momento de presentar a solicitude de inscrición para as probas, para o que cumprirá xuntar a documentación que acredita o cumprimento dos requisitos exixidos para a obter.

*Artigo 6º.-Cualificación final das probas libres.*

1. A expresión da cualificación final obtida por cada aspirante en cada un dos módulos profesionais realizarase nos termos previstos no artigo 12 da Orde do 30 de xullo de 2007, pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial.

2. As persoas aspirantes poderán presentar reclamación contra as cualificacións finais alcanzadas en cada módulo no centro en que se realizasen as pro-

bas, consonte o procedemento establecido no artigo 20.2º da citada Orde do 30 de xullo de 2007. As reclamacións basearanse necesariamente nalgún dos aspectos recollidos no artigo 4º.3 desta orde.

#### Artigo 7º.-*Certificación.*

A superación das probas libres de módulos profesionais dará dereito a unha certificación individual por cada módulo superado, de acordo co establecido no artigo 18.2º da Orde do 30 de xullo de 2007, pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial. O modelo de certificación será o establecido no anexo XIII da devandita orde.

#### Artigo 8º.-*O módulo de formación en centros de traballo en títulos extinguidos.*

1. O alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de formación en centros de traballo logo de que se produza a extinción definitiva da docencia dun determinado ciclo formativo ou tras a realización dalgunha das dúas convocatorias a que se fai referencia no artigo 1º desta orde poderá solicitar a súa realización nalgún dos prazos e dos períodos extraordinarios establecidos na Orde do 28 de febreiro de 2007, pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O módulo de formación en centros de traballo dun título extinguido poderá realizarse como máximo ata o seguinte curso académico ao da realización das convocatorias de probas previstas no artigo 1º desta orde.

3. A inscrición para solicitar a exención ou cursar o módulo de formación en centros de traballo realizarase polo réxime de proba libre nos mesmos centros a que se fai referencia no artigo 2º.1 desta orde.

4. Para ter dereito á exención do módulo de formación en centros de traballo, ademais do cumprimento dos requisitos xerais establecidos na normativa vixente, cumprirá ter superado o resto dos módulos profesionais do ciclo formativo. A documentación para presentar será a mesma que se lle exige ao alumnado que cursa ciclos formativos de formación profesional na modalidade presencial.

5. Para o seguimento do módulo de formación en centros de traballo observarase o disposto na Orde do 28 de febreiro de 2007, pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 9º.-*Titulación.*

As persoas interesadas que superen todos os módulos profesionais dun determinado ciclo formativo e superen ou sexan eximidas do módulo de formación en centros de traballo, de acordo co establecido no artigo 8º desta orde, poderán solicitar a expedición do título correspondente.

Nestes casos, os centros educativos realizarán a proposta de título polo réxime de «proba libre».

#### *Disposición transitoria*

*Única.-Acceso a ciclos formativos de grao superior do alumnado matriculado nun ciclo de grao medio que superase a parte común da proba de grao superior.*

1. O alumnado matriculado no curso académico 2008-2009 nun ciclo formativo de grao medio que se presentase á proba de acceso de grao superior convocada pola Resolución do 7 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se convocan de xeito ordinario probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional en centros docentes sostidos con fondos públicos, e superase a súa parte común, poderá solicitar a certificación de ter superado a proba por exención da parte específica en caso de lograr o título de técnico correspondente.

2. O modelo de solicitude, recollido no anexo II da Orde do 2 de decembro de 2008, pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo, presentárase entre os días 10 e 17 de xullo, ambos os dous incluídos, no centro que emitise a certificación de realización de proba e irá dirixida á presidencia do tribunal único.

Deberá xuntarse a ela certificación de pagamento dos dereitos de expedición do título de técnico.

3. A relación provisoria de persoas admitidas e excluídas farase pública o día 20 de xullo. Poderanse presentar reclamacións contra a listaxe provisoria os días 21 e 22 de xullo, ambos os dous incluídos. A relación definitiva de persoas admitidas e excluídas farase pública o día 23 de xullo.

4. A resolución provisional de exencións publicarase o día 24 de xullo. Poderanse presentar reclamacións os días 27 e 28 de xullo, ambos os dous incluídos. A resolución definitiva farase pública o día 30 de xullo.

5. As certificacións de superación da proba estarán dispoñibles a partir do día 30 de xullo.

#### *Disposicións derradeiras*

##### *Primeira.-Desenvolvemento normativo.*

Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para desenvolver esta orde.

##### *Segunda.-Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2009.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

## ANEXO I

**Convocatoria de probas libres de módulos profesionais para a obtención de títulos extinguidos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo**

**Relación de ciclos formativos e centros públicos**

**Curso académico 2009-2010**

| Ciclo extinguido LOXSE                                                                                                                                                                                                                           |                                                                                                                  | Ciclo implantado LOE 2008/09                                                     |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------|
| CM Pastelería e panadería _1400<br>CM Panificación e repostería _1400                                                                                                                                                                            |                                                                                                                  | CM Panadería, repostería e confeitaría<br>CM Panadería, repostería e confeitaría |
| -IES Fraga do Eume<br>-CIFP Compostela<br>-IES de Vilamarín<br>-CIFP Carlos Oroza<br>-IES Manuel Antonio                                                                                                                                         | Pontedeume<br>Santiago de Compostela<br>Vilamarín<br>Pontevedra<br>Vigo                                          |                                                                                  |
| CM Mecanizado _2000                                                                                                                                                                                                                              |                                                                                                                  | CM Mecanizado                                                                    |
| -IES Monte Neme<br>-IES Calvo Sotelo<br>-CIFP Somo<br>-IES Marqués de Suanzes<br>-IES Politécnico de Lugo<br>-IES Gregorio Fernández<br>-IES Perdouro<br>-IES 12 de Outubro<br>-IES A Paralaia<br>-IES Frei Martín Sarmiento<br>-IES Politécnico | Carballo<br>A Coruña<br>A Coruña<br>Ferrol<br>Lugo<br>Sarria<br>Burela<br>Ourense<br>Moaña<br>Pontevedra<br>Vigo |                                                                                  |
| CM Cociña _2000                                                                                                                                                                                                                                  |                                                                                                                  | CM Cociña e gastronomía                                                          |
| -IES Paseo das Pontes<br>-IES Fraga do Eume<br>-CIFP Compostela<br>-IES de Foz<br>-IES Sanxillao<br>-IES de Vilamarín<br>-CIFP Carlos Oroza<br>-IES Manuel Antonio                                                                               | A Coruña<br>Pontedeume<br>Santiago de Compostela<br>Foz<br>Lugo<br>Vilamarín<br>Pontevedra<br>Vigo               |                                                                                  |
| CS Educación infantil _2000                                                                                                                                                                                                                      |                                                                                                                  | CS Educación infantil                                                            |
| -CIFP Ánxel Casal - Monte Alto<br>-IES Soffa Casanova<br>-IES Politécnico de Lugo<br>-IES Dionisio Gamallo Fierros<br>-IES Portovello<br>-IES A Xunqueira I<br>-IES de Chapela                                                                   | A Coruña<br>Ferrol<br>Lugo<br>Ribadeo<br>Ourense<br>Pontevedra<br>Redondela                                      |                                                                                  |
| CS Análise e control _2000                                                                                                                                                                                                                       |                                                                                                                  | CS Laboratorio de análise e de control de calidade                               |
| -IES A Sardiñeira<br>-CIFP Politécnico de Santiago<br>-IES Lucas Agustí<br>-IES Manuel Antonio                                                                                                                                                   | A Coruña<br>Santiago de Compostela<br>Lugo<br>Vigo                                                               |                                                                                  |
| Ciclo extinguido LOXSE                                                                                                                                                                                                                           |                                                                                                                  | Ciclo implantado LOE 2009/10                                                     |
| CM Servizos de restaurante e bar _1400                                                                                                                                                                                                           |                                                                                                                  | Técnico en servizos en restauración                                              |
| -IES Paseo das Pontes<br>-IES Fraga do Eume<br>-CIFP Compostela<br>-IES de Foz<br>-IES Sanxillao<br>-IES de Vilamarín<br>-CIFP Carlos Oroza<br>-IES Manuel Antonio                                                                               | A Coruña<br>Pontedeume<br>Santiago de Compostela<br>Foz<br>Lugo<br>Vilamarín<br>Pontevedra<br>Vigo               |                                                                                  |
| CM Farmacia _1300                                                                                                                                                                                                                                |                                                                                                                  | Técnico en farmacia e parafarmacia                                               |
| -CIFP Ánxel Casal - Monte Alto<br>-IES Leixa<br>-IES Lamas de Abade<br>-IES Fogar Prov. Príncipe Felipe<br>-IES de Chapela                                                                                                                       | A Coruña<br>Ferrol<br>Santiago de Compostela<br>Pontevedra<br>Redondela                                          |                                                                                  |
| CS Aloxamento _1400                                                                                                                                                                                                                              |                                                                                                                  | Técnico superior en xestión de aloxamentos turísticos                            |
| -CIFP Compostela<br>-CIFP Carlos Oroza                                                                                                                                                                                                           | Santiago de Compostela<br>Pontevedra                                                                             |                                                                                  |
| CM Elaboración de viños e outras bebidas _1400                                                                                                                                                                                                   |                                                                                                                  | Técnico en aceites de oliva e viños                                              |
| -IES Ramón Cabanillas<br>-CIFP A Granxa                                                                                                                                                                                                          | Cambados<br>Ponteareas                                                                                           |                                                                                  |
| CS Patronaxe _1400                                                                                                                                                                                                                               |                                                                                                                  | Técnico superior en patronaxe e moda                                             |
| -IES Paseo das Pontes                                                                                                                                                                                                                            | A Coruña                                                                                                         |                                                                                  |
| CM Confección _1400                                                                                                                                                                                                                              |                                                                                                                  | Técnico en confección e moda                                                     |
| -IES Paseo das Pontes<br>-IES Manuel Antonio                                                                                                                                                                                                     | A Coruña<br>Vigo                                                                                                 |                                                                                  |
| CS Industrias de proceso químico _1400                                                                                                                                                                                                           |                                                                                                                  | Técnico superior en química industrial                                           |
| -IES A Sardiñeira                                                                                                                                                                                                                                | A Coruña                                                                                                         |                                                                                  |



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## ANEXO II

|                                                                                                                              |                                         |                                |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|--------------------------------|
| PROCEDIMENTO<br><b>SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NAS PROBAS LIBRES DE MÓDULOS PROFESIONAIS DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO</b> | CÓDIGO DO PROCEDIMENTO<br><b>ED517E</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE</b> |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|--------------------------------|

## DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE

|                                |                 |               |               |                   |
|--------------------------------|-----------------|---------------|---------------|-------------------|
| PRIMEIRO APELIDO               | SEGUNDO APELIDO | NOME          | NIF           | DATA DE NACEMENTO |
|                                |                 |               |               |                   |
| ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR) |                 |               |               |                   |
|                                |                 |               |               |                   |
| PROVINCIA                      | CONCELLO        | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO FIXO | TELÉFONO MÓBIL    |
|                                |                 |               |               |                   |

## EXPÓN

- ☐ Ter dezaoto anos de idade ou cumprilos no ano natural en que se realicen as probas.
- Que cumpre o requisito de acceso (marque cun X a opción correspondente):
- ☐ DIRECTO POR:
- ☐ Graduado en ESO. ☐ Técnico auxiliar. ☐ Técnico. ☐ Segundo curso de BUP. ☐ 2º curso do 1º ciclo experimental REM.
- ☐ Das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos: 3º curso do plan de estudos de 1963 ou 2º curso de comúns experimental.
- ☐ MEDIANTE PROBA:
- ☐ Proba de acceso aos ciclos formativos. ☐ PAU para maiores de 25 anos.
- ☐ Que non cumpre o requisito xeral de acceso (unicamente no caso de que a convocatoria permita presentarse sen os requisitos de acceso).

## XUNTA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA (MEDIANTE FOTOCOPIA COMPULSADA)

- ☐ DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade doutro Estado da Unión Europea.
- ☐ Certificado do recoñecemento do grao de minusvalidez e ditame técnico facultativo (no caso de solicitar algún tipo de adaptación para realizar as probas).

SE A PERSOA SOLICITANTE CUMPRE OS REQUISITOS XERAIS DE ACCESO:

- ☐ Certificación académica en que conste o expediente académico e o depósito do título, se é o caso (acceso directo).
- ☐ Certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo (acceso mediante proba).
- ☐ Certificado da superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos (acceso mediante proba).

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- ☐ Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- ☐ Certificado da empresa onde faga constar a actividade laboral e o número de horas dedicadas a esta (traballadores/as por conta allea).
- ☐ Certificado de alta no imposto de actividades económicas e xustificante do seu pagamento, se é o caso (traballadores/as por conta propia).

SE A PERSOA SOLICITANTE XA TEN MÓDULOS SUPERADOS OU UNIDADES DE COMPETENCIA ACREDITADAS:

- ☐ Certificación acreditativa de módulos xa superados.
- ☐ Certificación acreditativa de unidades de competencia.

## DECLARA

- Non estar a cursar no momento de inscrición ás probas as ensinanzas do mesmo ciclo formativo, con independencia do réxime (ordinario ou de persoas adultas).
- Ter formalizada a matrícula nalgún ciclo formativo diferente no ano académico 2008-09: ☐ SI ☐ NON

## SOLICITA

- ☐ Validación de módulos profesionais. ☐ Exención do módulo de formación en centros de traballo. ☐ Adaptación da proba.
- Ser admitido/a para a realización das probas libres dos seguintes módulos:

|                  |                  |                           |                  |      |                  |
|------------------|------------------|---------------------------|------------------|------|------------------|
| CÓDIGO DO CENTRO |                  | CÓDIGO DO CICLO FORMATIVO |                  |      |                  |
|                  |                  |                           |                  |      |                  |
| ORDE             | CÓDIGO DO MÓDULO | ORDE                      | CÓDIGO DO MÓDULO | ORDE | CÓDIGO DO MÓDULO |
| 1                |                  | 5                         |                  | 9    |                  |
| 2                |                  | 6                         |                  | 10   |                  |
| 3                |                  | 7                         |                  | 11   |                  |
| 4                |                  | 8                         |                  | 12   |                  |

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 23 de abril de 2007 pola que se regulan o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior

- Orde do 26 de xuño de 2009 pola que se convocan probas libres de títulos extinguidos dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

FÁGOME RESPONSABLE DA VERACIDADE DOS DATOS RECOLLIDOS NESTA SOLICITUDE.  
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

## (Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

Director/a do centro



ANEXO III

|                                                                                                                                 |                                         |                                |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO<br><b>SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NAS PROBAS LIBRES DE MÓDULOS PROFESIONAIS DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR</b> | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO<br><b>ED517F</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE</b> |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|--------------------------------|

| DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE |                 |               |               |                   |
|---------------------------------|-----------------|---------------|---------------|-------------------|
| PRIMEIRO APELIDO                | SEGUNDO APELIDO | NOME          | NIF           | DATA DE NACEMENTO |
|                                 |                 |               |               |                   |
| ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)  |                 |               |               |                   |
|                                 |                 |               |               |                   |
| PROVINCIA                       | CONCELLO        | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO FIXO | TELÉFONO MÓBIL    |
|                                 |                 |               |               |                   |

**EXPÓN**

☐ Ter vinte anos de idade (ou dezanove para quen estea en posesión do título de técnico), ou cumprilos no ano natural de realización das probas.

- Que cumpre o requisito de acceso (marque cun X a opción correspondente):

☐ DIRECTO POR:

☐ Bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, de educación. ☐ Bacharelato LOXSE. ☐ Bacharelato experimental. ☐ Titulación universitaria ou equivalente.

☐ Curso de orientación universitaria ou preuniversitario. ☐ Técnico especialista, técnico superior ou equivalente para efectos académicos.

☐ MEDIANTE PROBA:

☐ Proba de acceso aos ciclos formativos. ☐ PAU para maiores de 25 anos.

☐ Que non cumpre o requisito xeral de acceso (unicamente no caso de que a convocatoria permita presentarse sen os requisitos de acceso).

**XUNTA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA (MEDIANTE FOTOCOPIA COMPULSADA)**

☐ DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade doutro Estado da Unión Europea.

☐ Certificado do recoñecemento do grao de minusvalía e ditame técnico facultativo (no caso de solicitar algún tipo de adaptación para realizar as probas).

SE A PERSOA SOLICITANTE CUMPRE OS REQUISITOS XERAIS DE ACCESO:

☐ Certificación académica en que conste o expediente académico e o depósito do título, se é o caso (acceso directo).

☐ Certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo (acceso mediante proba).

☐ Certificado da superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos (acceso mediante proba).

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

☐ Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

☐ Certificado da empresa onde faga constar a actividade laboral e o número de horas dedicadas a esta (traballadores/as por conta allea).

☐ Certificado de alta no imposto de actividades económicas e xustificante do seu pagamento, se é o caso (traballadores/as por conta propia).

SE A PERSOA SOLICITANTE XA TEN MÓDULOS SUPERADOS OU UNIDADES DE COMPETENCIA ACREDITADAS:

☐ Certificación acreditativa de módulos xa superados.

☐ Certificación acreditativa de unidades de competencia.

SE A PERSOA SOLICITANTE TEN DEZANOVE ANOS E UN TÍTULO DE TÉCNICO:

☐ Depósito do título de técnico.

**DECLARA**

- Non estar a cursar no momento de inscrición ás probas as ensinanzas do mesmo ciclo formativo, con independencia do réxime (ordinario ou de persoas adultas).

- Ter formalizada a matrícula nalgún ciclo formativo diferente no ano académico 2008-09: ☐ SI ☐ NON

**SOLICITA**

☐ Validación de módulos profesionais. ☐ Exención do módulo de formación en centros de traballo. ☐ Adaptación da proba.

- Ser admitido/a para a realización das probas libres dos seguintes módulos:

|                  |                  |                           |                  |      |                  |
|------------------|------------------|---------------------------|------------------|------|------------------|
| CÓDIGO DO CENTRO |                  | CÓDIGO DO CICLO FORMATIVO |                  |      |                  |
| ORDE             | CÓDIGO DO MÓDULO | ORDE                      | CÓDIGO DO MÓDULO | ORDE | CÓDIGO DO MÓDULO |
| 1                |                  | 5                         |                  | 9    |                  |
| 2                |                  | 6                         |                  | 10   |                  |
| 3                |                  | 7                         |                  | 11   |                  |
| 4                |                  | 8                         |                  | 12   |                  |

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                                                                                     |                                                                                                                                                                 |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p>- Orde do 23 de abril de 2007 pola que se regulan o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior</p> <p>- Orde do 26 de xuño de 2009 pola que se convocan probas libres de títulos extinguidos dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.</p> <p>FÁGOME RESPONSABLE DA VERACIDADE DOS DATOS RECOLLIDOS NESTA SOLICITUDE.</p> <p>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE</p> <p></p> | <p>(Para cubrir pola Administración)</p> <p>RECIBIDO</p> <p></p> <p>REVISADO E CONFORME</p> <p></p> | <p>NÚMERO DE EXPEDIENTE</p> <p></p> <p>DATA DE ENTRADA</p> <p>___/___/___</p> <p>DATA DE EFECTOS</p> <p>___/___/___</p> <p>DATA DE SAÍDA</p> <p>___/___/___</p> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

Director/a do centro